

que, como posibilidade futura, teríase que ir pensando en «privatiza-la natureza».

Por outra parte, daba a impresión de que, neste congreso, as cuestións ambientais unicamente importaban en canto que son unha nova competencia de traballo á que lle quitar partido. Aínda así, non se deixaron de manifestar algunhas opinións receosas de ter que cumprir coa obriga da Avaliación do Impacto Ambiental nas primeiras repoboacións; pois, esta normativa tomábase como unha inxerencia ou cuestionamento do traballo profesional dos enxeñeiros forestais, dando por sentado que todo proxecto de repoboación xa non precisaría de se ter que someter a outros cuestionamentos.

De verdade que é pena que se lle teñan dado en exclusiva as competencias ambientais a un sector profesional tan pouco sensible a estes temas e, para colmo, tan escasamente dado ó diálogo e á interdisciplinidade. Non é pois, de extrañar que nas conclusións do congreso non existan referencias á necesidade de favorecer as funcións ecolóxicas do bosque, do mesmo xeito que si se fan ó respecto da súa protección como recurso productivo.

FALTA POR SABER PARA CANDO OS FORESTAIS DE HOXE SON CAPACES DE RETOMAR AQUELES PRINCIPIOS ECOLÓXICOS QUE INSPIRABAN ÓS SEUS PREDECESORES DO SÉCULO PASADO

E, xa como reflexión final, córréseme, que así como o ecoloxismo deu de si un paso de xigante nos últimos tempos, formulando varias propostas de racionalidade nos aproveitamentos forestais -a partir daquela Iniciativa Lexislativa Popular para a defensa do bosque- falta por saber para cando os forestais de hoxe son capaces de retomar aqueles principios ecolóxicos que inspiraban ós seus predecesores do século pasado, para se achegaren un pouco ás formulacións conservacionistas do ecoloxismo. ■

INTOLERANCIA MUNICIPAL EN PONTEAREAS

O Grupo ADENCO ven de denunciar que policías municipais dedican-se a despegar os cartazes que eles colocaron contra os vertidos no río Tea. Mesmo chegaron a gravar en vídeo as actividades dos funcionarios e as amiazas de que foron obxecto os ecoloxistas: «Grávame en los huevos» é a mais elocuente das expresións que pronuncian os polis, ben educados e aleccionados pola alcaldía.

NOVAS REFRESCANTES NO VERAO

Neste verao tivemos a oportunidade de refrescar-nos con novas sobre o lamentábel estado da nosa costa, así o científico catalán e un dos principais teóricos da ecoloxía Ramón Margalef anunciaba nun curso da UIMP na Coruña que a costa galega era sen dúbida a mais contaminada do Cantábrico. Tamén deuse a coñecer un informe do director técnico do Servizo de Salvamento da Consellería de Pesca, no que se recolle que os catro derrames de petróleo e dous accidentes de buques con produtos tóxicos sucedidos desde 1970 fixeron dos mares da Galiza os mais castigados do mundo por este tipo de agresións.

A GUERRA DO LIXO

Ante a inutilidade da Xunta por darlle unha solución axeitada ao problema dos Residuos, cada Concello arranxa-se como pode, así os camións de lixo do Grove foron denunciados varias veces,

pois como non teñen onde tirar os desperdicios deixan-nos onde lles cadra, baixo a area ou no primeiro monte que topan aínda que sexa dun Concello veciño, algo semellante andan a fazer por Redondela e por outros municipios galegos. Non menos grave é o caso de Vigo, onde xa esgotado o actual basureiro, andan rogando por todas as parroquias haber cal quere instalar a futura central de transferencia para empacquetar o lixo, que despois se vai levar queimar a Meirama. Mais por moito que o conselleiro de turno promete ouro e o mouro os veciños non aceptan. Mentras tanto na Coruña arde por segunda vez no ano o lixeiro de Bens, ocasionando unha fedorenta nube tóxica que invadiu a cidade de Ourense dentéctanse decenas de vertedeiros incontrolados, e no Condado andan a colocar bolsas de lixo diante da Casa do Concello para solicitar a súa recollida... E así poderíamos seguir, mas como mostra abonda.

ABANDONO DE LAGOAS ARTIFICIAIS EN BOQUEIXON

No ano 90, o concello de Boqueixón, en colaboración na extinción de incendios, abriu unha serie de lagoas para captación de auga, que actualmente permanecen en estado de total abandono. A Asociación de viciños O Pontillón denuncia o perigo que supoñen e os danos causados polo desvío artificial dos cursos de auga, reclamando do concello a súa protección e conservación adecuada durante todo o ano.

